



**federación do ensino**  
Sección Sindical da Universidade de Vigo

Con data once de decembro de 2002 o Xulgado do Social nº 3 de Vigo dictou unha sentenza na que se lles reconece os Auxiliares Técnicos de Biblioteca o dereito a percibir o mesmo salario que os Técnicos Especialistas de Biblioteca, ó considerar que non hai diferenza algunha no traballo que realizan ámbolos dous colectivos nas Bibliotecas da Universidade de Vigo e que, polo tanto, lles é de aplicación o principio de “a traballo de igual valor, igual retribución”. Dita sentenza, contra a que a universidade pode interpoñer Recurso de Suplicación ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, obriga a institución a abonar 2971 € a cada traballador afectado.

Nos fundamentos de dereito a Maxistrada reconece, de singular interese, a testemuña da Subdirectora da BUV, quen manifestou perante o Tribunal “que a razón de que os postos de ATB, se declararan a extinguir era debido a que as súas funcións quedaron desfasadas, e que son de imposible realización, ó estar automatizados os procesos bibliotecarios... o que comunicou a Xerencia. Tamén foi un argumento de peso a asistencia dos TEB os cursos de habilitación, o que permite demostrar que posúen a necesaria formación para asumir o traballo que, en efecto, realizan.

Por contra, o avogado da Universidade presentou como probas que impedían a equiparación o artigo 15 do anterior Convenio Colectivo (unicamente o Rector pode autorizar función de categoría superior...) e o Pacto asinado entre a Xerencia e os Sindicatos.

**CC OO, e nos consta que tamén os outros sindicatos, amosamos sempre a nosa preocupación pola situación na que ían quedar os contratados e, reiteradas veces, avisamos de que non era posible ter dous colectivos distintos para facer o mesmo traballo. Malia todo, a Xerencia sen atender as peticións dos representantes dos traballadores limitou a posibilidade de promoción só ó persoal fixo dando como resultado o documento por todos coñecido.** Para mitigar os efectos desta decisión puxemos toda a nosa boa intención no feito de convocar canto antes as oposicións para cubrir con TEB as prazas ocupadas por persoal contratado. Seguramente non se valorou suficientemente o alcance desta decisión, xa que o resultado foi que, se deron multitude de circunstancias que fixeron, que dentro do colectivo de persoal contratado, a uns se lle fixera o contrato como ATB e a outros como TEB, sen depender o grupo no que se contrataba, da posición acadada na lista de agarda. **O resultado de todo isto é unha situación manifestamente inxusta que prexudica claramente os traballadores e traballadoras que ocupan praza no grupo IV, ós que, aparte de pagárselles menos non computan antigüidade para o posto ó que aspiran.**

**A sentenza dictada pola Maxistrada Conde-Pumpido parécenos xusta e oportuna, e por iso, solicitamos á universidade que non interpoña o recurso de suplicación ó mesmo tempo que instamos, tanto os outros sindicatos, coma a Xerencia a sentarnos para tratar este asunto co obxectivo de reconecerlles a estes**



**federación do ensino**  
Sección Sindical da Universidade de Vigo

**traballadores e traballadoras, non só o dereito a percibir o salario de TEB senón tamén a recoñecerlles a antigüidade como técnicos desde o 16 de marzo de 2001.**

**Asemade, esta mesma petición ten que ser extensible os traballadores de conserxería, (tanto na percepción da diferenza salarial como no recoñecemento da categoría) que contratados no grupo V fan as mesmas funcións que os seus compañeiros e compañeiras do grupo IV, xa que está a vivir a mesma situación.**

**Á marxe do éxito que teña esta petición como sindicato manifestámonos dispostos a apoiar calquera demanda que teña como obxectivo poñer fin a esta discriminación, ó tempo que asumimos a responsabilidade que nos toca por non ter solucionado este asunto dentro da institución.**